



Bibliotecas
escolares
de Galicia



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA

E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO

bibliocarballedo.blogspot.com.es

dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

I CONCURSO DE PODCAST

"RADIO NA BIBLIO"

MODALIDADE I:

- INFANTIL e 1º e 2º DE E.P.

"A LENDA DA FLORENTINA, A RAPAZA QUE MORREU DE AMOR"



CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO (CERDEDO-COTOBADE)



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDU
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

1. XUSTIFICACIÓN.


Co gallo da celebración das Letras Galegas deste ano, que se lle adican ao noso ilustre veciño D. Antón Fraguas Fraguas que era un gran etnógrafo, estivemos a investigar sobre o patrimonio cultural e inmaterial do noso concello. Grazas á indagación sobre a figura do homenaxeado, a través da rede e de diferentes fondos cos que contamos na biblioteca chegou a nós “A lenda da Florentina” e que, como se conta no podcast, foi o pai de Antón Fraguas quen puxo en coñecemento de Castelao esta lenda e este adicoulle o seu segundo libro de “Cousas” á Florentina.

De acordo co anterior, decidiuse dar a coñecer a través deste concurso unha das lendas da nosa contorna.

2. INTRODUCCIÓN.

Para a realización deste podcast, o primeiro que fixemos foi colocar o libro que contén a lápida da lenda á entrada da biblioteca para xerar expectativa. A continuación o alumnado de 1º e 2º investigou nas súas casas a través dunha ficha que lles facilitou o equipo de dinamización da biblioteca en colaboración co da lingua galega para que poideran saber máis sobre a lenda. Unha vez que recopilamos a información elaborouse o guion que se pode ver no **Anexo I** e posteriormente as mestras de infantil contáronlle a lenda ao seu alumnado, que foi o encargado de facer a súa versión. O seguinte paso foi a gravación do mesmo (a ficha de investigación pódese observar no **Anexo II**).

Catro rapaces de 1º e 2º foron os encargados de conducir e introducir a historia e tamén contamos cunha cuña dunha entrevista que fixemos a un veciño do concello (que publicaremos noutro podcast debido á duración do mesmo). Así mesmo tamén participan no podcast catro alumnos de infantil de 3 a 5 anos, que foron os encargados de narrar a verdadeira historia da Florentina. Cómpre sinalar que aínda que na gravación só se escoitan oito



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA
E.D.L.G.
CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

alumnos, todo o alumnado destes cursos participou no mesmo dunha maneira menos visible, pero igual de efectiva e necesaria.

3. RELACIÓN CO CURRÍCULO.

Escollemos facer unha lenda pola súa relación co currículo posto que segundo o **Decreto 105/2014** do 4 de setembro polo que se establece o currículo na educación primaria de Galicia e o **Decreto 330/2009** do 4 de xuño polo que se establece o de educación infantil, e tal como se pon de manifesto de seguido está estreitamente vencellado con diferentes áreas do mesmo.

A) RELACIÓN CO CURRÍCULO DA EDUCACIÓN INFANTIL.


As áreas de coñecemento durante esta etapa e tal e como explica a lexislación mencionada con anterioridade son as seguintes:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes. Comunicación e representación.

Coa elaboración deste podcast estamos a traballar directamente as tres áreas.

Por unha banda, na primeira área, a do **coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal**, traballamos a súa autonomía para acudir á emisora, coñécense mellor a si mesmos ao ser conscientes do que lles resulta máis sinxelo ou máis complexo e traballamos a súa memoria, xa que o alumnado nesta etapa, por norma xeral, aínda non é quen de ler, agás algúns casos do alumnado de 5 anos.

Por outra banda, a segunda área, a do **coñecemento do contorno**, está moi vencellada porque é unha lenda do noso concello e, polo tanto, potenciamos o coñecemento das lendas locais e, en consecuencia, están a



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLED0
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

pesquisar nas súas casas outras novas a partir desta. Ademais, traballamos o poder situarse na parroquia e coñecer mellor a contorna.

E con respecto á última área, **Linguaxes: comunicación e representación**, temos que voltar a incidir en que está moi vencellada ao traballar a memorización da parte que lle corresponde a cada un. Primeiramente, contóuselles a lenda para que foran capaces de contala á súa maneira e despois falan e representan a súa parte ao gravar na emisora.

B) RELACIÓN CO CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

No Decreto 105 xa citado atopamos a xustificación da relación do currículo co podcast elaborado:

*“A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogues... Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos. Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a **competencia comunicativa e lingüística** é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era de internet e da abundancia de medios de*




EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

comunicación, os cidadáns e cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blogue. Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área. Unido a calquera lingua minorizada hai que ter en conta intereses próximos á sociolingüística, como a valoración dese sistema de expresión e a súa literatura, os textos elaborados nese código como representantes dunha cultura, na que creceron os nosos antepasados e moitos de nós e que cómpre coidar e cultivar. Xa que logo, aprender lingua é tamén apropiarse dos significados culturais que esta transmite e dos modos en que as persoas do contorno entenden e interpretan a realidade.”

É preciso sinalar que o currículo para a área de Lingua galega e literatura ten unha estrutura similar nos seis cursos da educación primaria e non se deben impartir de maneira independente senón que se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

▪ **O BLOQUE 1, FALAR E ESCOITAR:** Consideramos que este bloque está estreitamente relacionado co noso quefacer na Cast@radio, posto que é a parte fundamental da mesma. A parte de crear o contido do que imos publicar, é imprescindible ser quen de falar cunha entoación e un volume axeitado, de respectar as quendas de palabra e de escoitar tanto as indicacións do técnico que está co control da mesa coma ao resto dos compañeiros que están a participar. Ademais, esta iniciativa potencia o uso da escoita cando se fai nas aulas ou na biblioteca, en función da elección



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO

bibliocarballedo.blogspot.com.es

dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es


semanal. Para nós é imprescindible a produción de mensaxes orais, non só ser quen de escoitar e comprender as mensaxes emitidas por outras persoas senón ser quen de facernos entender a través das nosas producións. Nesta ocasión, o alumnado tivo que ser capaz de comunicar aos oíntes a lenda para dala a coñecer e que a comprendan.

▪ **O BLOQUE 2, COMUNICACIÓN ESCRITA: LER:** No tocante a este bloque cómpre sinalar que o alumnado de 1º e 2º, para comezar a comprender de que se trataba, tivo que ler a lápida da Florentina. Ademais leron, coa axuda da súa titora, sobre o patrimonio cultural da contorna e da comunidade e elaboraron un “lapbook” sobre o mesmo para centrar e contextualizar as súas aprendizaxes. Así mesmo tamén tiveron que ler á hora de interpretar e participar na radio para a elaboración do podcast.

▪ **O BLOQUE 3, COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR:** No tocante a este bloque cómpre sinalar que o alumnado de 1º e 2º, previamente, levou unha ficha para investigar nas súas casas (**Ver Anexo I**) na que tiñan que preguntar e escribir sobre o coñecemento desta lenda en concreto e doutras que eles desexaran contar.

▪ **O BLOQUE 4, COÑECEMENTO DA LINGUA:** Tal é como indicou nos bloques anteriores, o alumnado ao escribir e investigar está a traballar o coñecemento da lingua. Integra a ortografía e a coherencia dos textos, as características propias deste texto e a diferenciación con outros tipos de textos coma a narración, o teatro, as cartas ou os textos publicitarios, o traballo do vocabulario e a comprensión da poesía da lápida, as diferenzas de entoación ao ler na emisora...

▪ **O BLOQUE 5, EDUCACIÓN LITERARIA:** Segundo contan, Castelao pasou un verán no lugar de Pazos (Cotobade) e por iso adicoulle o libro “Cousas” á protagonista desta lenda. Polo tanto, trabállase unha das figuras máis importantes da cultura galega e como está relacionado con D. Antonio Fraguas, aproveitamos para resaltar e coñecer un pouco máis ao homenaxeado das Letras Galegas.



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA
E.D.L.G.
CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLED
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es


Por outra banda, este podcast non só está relacionado coa área de Lingua Galega senón que tamén está estreitamente ligado coa área de **CIENCIAS SOCIAIS** porque que ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global (...). A área das Ciencias sociais integra diversos ámbitos de estudo, centrándose en aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.

▪ **O BLOQUE 1, CONTIDOS COMÚNS:** Neste bloque é fundamental o emprego das TIC para a pescuda da información, simulación de procesos e presentación das conclusións referidas ás Ciencias Sociais. Ademais dáselle especial importancia neste apartado ao traballo en equipo como punto de partida para unha participación activa e construtiva da vida social e como medida de atención á diversidade que favorece o proceso de inclusión do alumnado. Neste senso, trabállase este bloque coa pescuda da información da lenda pola rede e traballando de maneira grupal á hora de facer o traballo na emisora.

▪ **O BLOQUE 2, O MUNDO EN QUE VIVIMOS:** O noso traballo está estreitamente vencellado con este apartado ao darlle a coñecer a súa contorna polo medio dunha lenda, a ubicación do pobo no mapa, algún veciño da contorna e fotografías para que visen a lápida e soubesen da historia da mesma.

▪ **O BLOQUE 3, VIVIR EN SOCIEDADE:** Este é outro dos bloques desta área que está estreitamente relacionado por ter que investigar e comunicarse co resto da comunidade, preguntándolle ás familias, acudindo a falar cos maiores da parroquia e respectando as características persoais de todas as persoas involucradas neste proceso.

▪ **O BLOQUE 4, AS PEGADAS DO TEMPO:** Como se puxo de manifesto ao longo do epígrafe este bloque está moi relacionado, posto que estamos a falar dunha lenda sobre unha rapaza que existiu no concello xa



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

que así o demostra o lugar do enterramento, e que nos axuda para explicarlle ao alumnado as diferencias entre a sociedade dos nosos ancestros e a de hoxe e o papel que xogaba a muller naquela sociedade e como foron mudando as cousas ata o día de hoxe.

Nesta área é fundamental o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. E isto foi o que pretendemos coa elaboración desta produción sonora: traballar o patrimonio cultural da nosa contorna axudándonos dos recursos humanos que temos ao noso alcance coma son as familias e os veciños.

4. ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Neste apartado imos relacionar co noso podcast as competencias clave que se definen na **Lei Orgánica 8/2013**, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- 1) **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** Vencéllase directamente porque traballamos tanto a oralidade, non só na emisora senón ao relacionarse e preguntar a outras persoas empregando fontes orais, coma o emprego de diferentes fontes escritas, tal é como xa se indicou.
- 2) **COMPETENCIAS MATEMÁTICAS E COMPETENCIA BÁSICA EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA:** Esta trabállase á hora de controlar os tempos de intervención e duración do audio, así coma na pesca de información en relación directa co mundo que nos rodea.
- 3) **COMPETENCIA DIXITAL:** Debido a idade do alumnado, non é a competencia que máis se traballe. Hai manexo e destreza dixital á hora de gravar a entrevista co veciño que conta a lenda e posteriormente na pesca da información feita polo alumnado nas súas familias para coñecer a historia. Iso si, as fotografías da contorna e da lápida e dos personaxes que se citaron con



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E.D.L.G.


CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLED0

bibliocarballedo.blogspot.com.es

dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

anterioridade coma Antonio Fraguas e Castela0 traballáronse nas aulas para potenciar a competencia dixital co alumnado.

- 4) **APRENDER A APRENDER:** Esta é unha das competencias, que ao noso parecer está máis vencellada á radio porque que todos son quen de aprender a aprender, xa que teñen que preparar as súas intervencións. Nesta ocasión tiveron que investigar nas familias e na contorna, tiveron que seleccionar a información...
- 5) **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS:** Esta competencia traballase xa que está incidindo sobre a modificación da sociedade, como era antes, que papel xogaba unha muller que se quedaba embarazada e que deshonraba a súa familia, como foi mudando iso,... Falouse co alumnado sobre que lles parece esta situación, sobre o o respecto do patrimonio cultural da contorna, posto que se alguén decidira estragar a lápida hoxe en día probablemente non teríamos coñecemento da lenda que estamos a tratar,...
- 6) **SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR:** A iniciativa e espírito emprendedor están vencellados á radio xa que, sempre que se fala de ir á radio, son todos voluntarios e participativos e, pouco a pouco, aportan as súas ideas e posibilidades de mudar e darlle outro xiro as intervencións no programa, aínda que esto é máis perceptible no alumnado de máis idade.
- 7) **CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL:** Esta produción sonora está moi relacionada coa expresión cultural por todo o que amosamos anteriormente, polo canteiro que fixo a lápida (oficio tradicional), pola cultura das lendas, coplas e poesías... Trátase de que valoren a importancia e relevancia que teñen na nosa contorna.
- 8) **COMPETENCIA INFORMACIONAL E MEDIÁTICA DO ALUMNADO:** Tal é como nos indica a UNESCO, o empoderamento das persoas a través da alfabetización mediática e informacional (MIL) é un dos requisitos máis importantes para fomentar o acceso equitativo á información e ao coñecemento e para promover medios de comunicación e sistemas de información libres independentes e pluralistas. Esta alfabetización recoñece o papel



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO

bibliocarballedo.blogspot.com.es

dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

fundamental da información e dos medios de comunicación na nosa vida diaria son parte central da liberdade de expresión e da información, facultan aos cidadáns a comprender as funcións dos medios de comunicación e a tomar decisións fundadas como usuarios e produtores de información e contido mediático.


Pretendemos que o noso alumnado sexa consciente de que hai que facer unha pescuda na rede selectiva, que non se pode quedar co primeiro resultado que atopamos e para iso hai que contrastar a información en varias páxinas. Así mesmo saben que hai que buscar páxinas que sexan fiables e respectar os dereitos de autor. Debido á idade do alumnado, vaise iniciando de maneira paseniña para que ao rematar a primaria sexan quen de facer unha pescuda selectiva e ter un espírito crítico fronte aos medios de comunicación e a información en xeral.

Fomentamos non só espírito crítico senón tamén o autocrítico cando se fan as gravacións e as producións sonoras. Para isto, unha parte fundamental dos podcast é a escoita para poder corrixir ou potenciar aquilo que consideremos mellorable ou que debemos resaltar para que se continúe a facer na mesma dirección.

5. PARTICIPACIÓN.

Na elaboración deste podcast participaron:

- As dúas mestras titoras de infantil.
- A mestra titora de 1º e 2º (ambos cursos forman parte dun agrupamento).
- O alumnado de infantil, 1º e 2º.
- O coordinador de biblioteca creativa.
- A coordinadora da biblioteca e do proxecto radio na biblio.
- A coordinadora de dinamización da lingua galega.



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLED0

bibliocarballedo.blogspot.com.es

dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

- As familias do alumnado de 1º e 2º, colaborando coa súa información para completar a ficha da que se foi falando ao longo do documento.
- A familia que acudiu a entrevistar ao veciño de Loureiro.
- O veciño de Loureiro que conta a súa versión da lenda.
- As familias que achegaron ao alumnado ao lugar da lápida para facerlles fotografías.

6. INTEGRACIÓN DA BIBLIOTECA COA PRODUCCIÓN SONORA PRESENTADA.

A biblioteca é o centro da nosa escola e, consecuentemente, todo o que fai está vencellado á mesma.

Nesta ocasión obtivemos a lenda dun libro que temos na mesma que é **“Coñecendo a Antonio Fraguas. Roteiros Literarios”** da Editorial Hércules.

A figura de Antonio Fraguas traballouse a través do libro **“Antonio Fraguas, o bo mestre o mestre bo”**, de Héctor Cajaraville e da Editorial Xerais. Traballouse para elaborar un Kamishibai sobre o autor para presentar a “Primavera das Letras” (RAG).

Así mesmo, é obvia a implicación da biblioteca con este proxecto xa que están intrinsecamente ligados porque non se pode entender a radio dunha maneira illada por ser unha parte da mesma.



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA
E.D.L.G.
CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLED
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

ANEXO I

GUIÓN DO PODCAST "A LENDA DA FLORENTINA, A RAPAZA QUE MORREU DE AMOR".

AMELIA(1º):- Ola rapazada! Hoxe queremos contarvos unha historia.

- Pero non unha historia calquera.

HUGO R.(1º)- Non!

- Trátase dunha lenda que se conta na nosa contorna.

ELBA F (2º)- Concretamente na parroquia de Loureiro, lugar de procedencia dun ilustre veciño, don Antonio Fraguas, homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas.

- A orixe desta lenda está nunha lápida que hai na igrexa de Loureiro na que está escrito o seguinte:

ANXO: De la prenda más querida

yacen aquí los despojos

y no se contienen los ojos

de llorar a Florentina García



Bibliotecas
escolares
de Galicia



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA
E.D.L.G.
CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLED
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

joven desconsolada

que a los 23 años de edad

pasó a la eternidad

El día primero de vida

fue el postrero


de esta joya malograda.

AMELIA (1º): - Esta historia é ben coñecida polos veciños de Loureiro dende hai moito tempo.

HUGO R(1º): - De feito, o pai de Antonio Fraguas contoulla a Castelao e este quedou tan impactado que dedicou o segundo libro de "Cousas" á súa protagonista.

ELBA (2º)- Os nenos e nenas de primeiro e segundo estivemos investigando e preguntamos nas nosas casas se coñecían a lenda da pobre Florentina.

- Incluso algunha compañeira do cole entrevistou a un veciño da zona que coñecía a historia.



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA
E.D.L.G.

CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLED
bibliocarballedo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballedo.blogspot.com.es

AUDIO

ANXO (2º) - Para, para! Que non queremos facer spoiler!

AMELIA (2º) - É certo! Nesta ocasión, o alumnado de Infantil vai ser o encargado de contarnos esta historia. Adiante!

VERSIÓN LIBRE DA LENDA DA FLORENTINA POR PARTE DO ALUMNADO DE INFANTIL

Participan: Aldara, Matías e Antía de 4 anos e Pablo e Paula de 5 anos.

DESPEDIDA POR PARTE DO ALUMNADO DE INFANTIL.. E AQUÍ REMATA ESTA LENDA DE AMOR EN COTOBADE.



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA
E.D.L.G.
CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLO
bibliocarballo.blogspot.com.es
dinamizacioncarballo.blogspot.com.es

ANEXO II: FICHA DE INVESTIGACIÓN

NOME E APELIDOS :

NOME DA PERSOA ENTREVISTADA

RELACIÓN CO ALUMNO/A:

COÑECES A LENDA DA FLORENTINA? (ESCRIBE AQUÍ O QUE CHE CONTEA DESTA LENDA)

COÑECES ALGUNHA OUTRA LENDA DA CONTORNA DE COIOBADE? (ESCRIBE AQUÍ A LENDA)